

### AXUDAS PARA OS LIBROS DE TEXTO E MATERIAL ESCOLAR 2022/23

Segundo a ORDE Orde do 29 de abril de 2022 pola que se regula a participación no fondo solidario de libros de texto e se convocan axudas para adquirir libros de texto e material escolar destinadas ao alumnado matriculado en educación primaria, educación secundaria obrigatoria e educación especial en centros docentes sostidos con fondos públicos para o curso escolar 2022/23 (códigos de procedemento ED330B).

- A) **FONDO SOLIDARIO** de libros de texto do alumnado matriculado en 3º, 4º, 5º e 6º de Educación Primaria.  
Para acceder ao fondo solidario deberán devolver antes do 22 de xuño os libros recibidos do fondo solidario no curso 2021/22, quedando excluído desta devolución o alumnado de 1º e 2º de Educación Primaria.
- B) **AXUDAS PARA ADQUIRIR LIBROS** de texto para o alumnado matriculado en 1º, 2º de Educación Primaria e en EE, tamén aquel alumnado de NEAE que a xuízo do centro docente non poida empregar o material didáctico existente no colexio.
- C) **AXUDAS PARA MATERIAL ESCOLAR** destinadas ao alumnado de EP e EE.

**PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES:** os modelos de solicitude obteranse por vía electrónica na aplicación Fondolibros (<https://www.edu.xunta.gal/fondolibros>) e unha vez cubertos todos os datos deberán gardala, obtendo así o número de solicitude e posteriormente optarán por dúas formas de presentación:

- 1- Presentación no centro: imprimir solicitude e o anexo II, asinala e entregala coa documentación acreditativa.
- 2- Presentación na Sede Electrónica da Xunta de Galicia (<https://www.sede.xunta.gal>)

**PRAZO DE PRESENTACIÓN:** ata o 22 de xuño.

Art. 24.3. Quedarán excluídas as solicitudes que non se puidesen validar por estar presentadas fóra de prazo, por falta de enmenda das deficiencias da solicitude e/ou da documentación ou por non ter devolto os libros de texto recibidos do fondo solidario adquiridos con axuda no curso 2021/22.

Mais información na secretaría do centro e no portal educativo da Xunta de Galicia, <https://www.edu.xunta.gal>, na páxina web do centro e nos teléfonos do colexio.

### **DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR:**

- Formulario ED330B (ANEXOS I E II)
- Copia do libro de familia ou documento equivalente, onde figuren o alumno/a e os demais membros computables da unidade familiar. Excepcionalmente poderase acreditar o número de membros computables cun certificado ou volante de convivencia ou cun informe de SS.SS.
- No caso de separación ou divorcio, sentenza xudicial e/ou convenio regulador onde conste a atribución da custodia do/da menor
- Certificado do grao de discapacidade do alumno/a ou calquera membro da familia non expedido pola Administración autonómica
- Documentación xustificativa da situación de violencia de xénero no ámbito familiar.
- Resolución xuficial de incapacitación con patria potestade prorrogada ou rehabilitada
- Resolución administrativa ou xudicial da acreditativa da situación de acollemento
- Certificado de convivencia, volante de convivencia ou informe dos SS.SS ou do órgano equivalente do concello onde resida a familia, no caso de que os proxenitores ou titor/a legal carezan de DNI e NIE.
- Copia DNI ou NIE do solicitante e dos membros computables da unidade familiar

### **PRAZOS DE ENTREGA DE DOCUMENTACIÓN NO CENTRO:**

- Devolución dos libros do curso 2021/2022: ATA O 22 DE XUÑO (este incluído)
- Presentación de solicitudes: ATA O 22 DE XUÑO (este incluído)
- Publicación do listado provisional: 8 DE XULLO
- Reclamacións: 11 E 12 DE XULLO
- Publicación de listado definitivo: 15 DE XULLO

### **OBRIGAS:**

- Ter devolto os libros de texto e o material reutilizable adquirido coas axudas para libros de texto ou recibido do fondo solidario no curso 2021/2022.
- Conservar en bo estado os libros de texto e material reutilizable.
- Destinar o importe do vale a adquirir os libros de texto que indique o centro en que estea matriculado o alumnado.
- Destinar o importe do vale para material a adquirir o material escolar que necesite.

As familias que decidan optar pola entrega presencial poden facelo no horario de atención do Equipo Directivo, disponible na web: <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipxoquinloriga/>